

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 27 DE AGOSTO DE 2020

Ás 12:10 horas do día 27 de agosto de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 24 de agosto de 2020, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente/a: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. José Ángel Hermida Fernández, xefe de servizo de Comercio (asiste ao punto 2 e 4)
D. Ignacio Ojea Pérez, suplente da xefa de servizo de Educación (asiste ao punto 2)
D. Oscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e Servizos (asiste aos puntos 2,9 e 10)
D^a Dolores Bernardez Fernández, vogal suplente do xefe de servizo de Montes, Parques e Xardíns (asiste aos puntos 5 e 6)
D^a Luz María González Domínguez, xefa de unidade administrativa de Alcaldía (asiste aos puntos 9 e 10)
D. Ignacio Oliveira López, xefe de Museos Municipais (asiste aos puntos 9 e 10)

Secretaria: D^a. María Blanco Rodríguez, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a prestación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos periódicos, ocasionais e eventos puntuais que se celebren no término municipal de Vigo (7.175-106) (emenda documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 17 de agosto de 2020, o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

21 de agosto de 2020, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L
2. INTEGRAL IKERLEC VIGO S.L.

Dos anteriores licitadores, presentaron documentación en prazo.

Logo da cualificación da referida documentación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a PILOT CCS SERVICE CONSULTANCY, S.L por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Non admitir neste procedemento INTEGRAL IKERLEC VIGO S.L polos seguintes motivos:

- Por non ter emendado adecuadamente o DEUC; concretamente non emendou o punto A “*Motivos referidos a condenas penales*”, o punto B “*Motivos referidos al pago de impuestos o de cotizaciones a la seguridad social*” e o punto C “*Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional*” da Parte III “*Motivos de exclusión*” do documento europeo único de contratación (DEUC), non respondendo a seguinte cuestión que se reproduce a continuación:

➤ *“¿Ha sido el propio operador económico, o cualquier persona que sea miembro de su órgano de administración, de dirección o de supervisión o que tenga poderes de representación, decisión o control en él, objeto, por fraude, de una condena en sentencia firme que se haya dictado, como máximo, en los cinco años anteriores o en la que se haya establecido directamente un período de exclusión que siga siendo aplicable?”*

E respondendo afirmativamente en lugar de negativamente as seguintes cuestións que se reproducen a continuación:

- *¿Ha incumplido el operador económico sus obligaciones relativas al pago de impuestos, en el país en el que está establecido o en el Estado miembro del poder adjudicador o la entidad adjudicadora, si no coincide con su país de establecimiento?*
- *¿Ha incumplido el operador económico sus obligaciones relativas a las cotizaciones a la seguridad social, tanto en el país en el que está establecido como en el Estado miembro del poder adjudicador o la entidad adjudicadora, si no coincide con su país de establecimiento?*
- *¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho medioambiental?*
- *¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho social?*
- *¿ha incumplido el operador económico sus obligaciones en el ámbito del Derecho laboral?*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Non se presenta nin o DEUC da empresa á que se recorre para acreditar a solvencia nin o Anexo III “declaración de posta a disposición de medios dun terceiro” asinado pola mesma, cando no novo DEUC presentado séguese indicando que o licitador se basa na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección.

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23978-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
 - Galega de Recursos Educativos Avanzados, S.L.: Deberá presentar o DEUC do terceiro e o Anexo III ““declaración de posta a disposición de medios dun terceiro” firmado dixitalmente polo terceiro.

c) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 - CALFENSA PROYECTOS, S.L
 - CIVIS GLOBAL, S.L.U
 - EMERGIS CONSTRUCCION S.L.
 - OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A
 - PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
 - URBAN GLOBAL 2018 S.L



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:

1. OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L para que poida emendar a documentación presentada.

De conformidade co apartado 5.A) do PCAP, nos supostos de que o licitador se presente aos dous lotes, a clasificación do empresario é obrigatoria (Grupo C Subgrupo 6 Categoría 3 e Grupo I Subgrupo 1 Categoría 1), polo que deberá aclarar se dispón da correspondente clasificación e, no seu caso presentar un novo DEUC firmado dixitalmente no que declare correctamente que a inscrición abarca todos os criterios de selección.

Asemade deberá presentar o Anexo II “*declaración responsable*” firmado dixitalmente.

2. MONDO IBÉRICA, S.A.U para que aclare o motivo porque no DEUC declara que a inscrición non abarca todos os criterios de selección toda vez que, comprobado por esta Administración no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificados do Estado, dispón da clasificación obrigatoria esixida no apartado 5.A) do PCAP.

No seu caso deberá presentar un novo DEUC firmado dixitalmente no que declare correctamente que a inscrición abarca todos os criterios de selección.

3- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a prestación do servizo de tarefas auxiliares de supervisión do funcionamento da venta ambulante nos mercadillos periódicos, ocasionais e eventos puntuais que se celebren no término municipal de Vigo (7.175-106) (emenda documentación)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “*Proposición avaliable mediante xuízo de valor*” do licitador presentado e admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto dos servizos de xestión parcial, docencia e desenvolvemento da escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD) (23978-332)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días ao licitador para emendar a documentación persoal.

c) Procedemento aberto para a contratación por lotes das obras de renovación de céspede artificial e instalacións no campo de fútbol de A Guía e a renovación de céspede artificial e instalacións no campo de Fragoselo-Coruxo (565-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días a dous licitadores para emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12853-446)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial do Programa de análise, avaliación do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, a adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o Xefe de Área de Servizos Xerais de data 24 de agosto de 2020 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante xuízo de valor”* que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes do Concello de Vigo (12853-446)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C *“Proposición avaliable mediante fórmula”* dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo total	Horas traballos extraordinarias a maiores das esixidas na bolsa de horas (nº) de horas para traballos extraordinarios	Incremento de importe para maquinaria para traballos extraordinarios (euros)	Incremento de porcentaxe para programas de comunicación uso responsable de espazos obxecto do contrato (%)
1	ACCIONA-MANTEN	33.699.578,45 €	2000 h	4.000 h	0,3 %
2	ALFONSO BENÍTEZ, S.A	33.724.876,15€	00 horas 2.0	00 horas 4.0	0,3%
3	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ-EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L	32.662.194,29€	2.000 horas	4.000 horas	0,30%
4	GRUPORAG A, S.A	33.340.087,38€	2.000 horas	4.000 horas	0,3%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

5	UTE OHLSERVICIOS INGESAN, S.A. E INGESER ATLÁNTICA, S.L	33.558.703,95€	2.000 horas	4.000 horas	0,3 %
---	---	----------------	-------------	-------------	-------

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado do servizo.

Asisten a apertura D. Juan Carlos De Dueñas Doadrio con DNI ***02.45*, en representación de GRUPORAGA, S.A , D^a Esther Pilar González Carquijero con DNI ***79.28*, en representación de ALTHENIA S.L. , D. Ernesto Barrio Vega, DNI ***99.46*, en representación de Alfonso Benitez SA, D. Francisco Javier González Abuin con DNI ***76.76*, en representación de UTE SAN JOSE - EL EJIDILLO, D. Borja Hernández Santos con DNI ***08.74* en representación de Acciona Medio Ambiente S. A e D. Egoitz Balbin Iracheta con DNI ***33.56*, en representación de OHL Servicios Ingesan y la UTE Xardins Vigo.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 17 de agosto de 2020, en cumprimento do acordado na sesión do 14 de agosto de 2020, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. SACAFERRO, S.L.

Durante o prazo concedido, SACAFERRO, S.L. presentou documentación, da que deuse traslado ao responsable do contrato.

O 24 de agosto de 2020 a xefa da unidade administrativa da Alcaldía emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que pódese determinar que a xustificación sobre a oferta presentada por SACAFERRO, S.L. que se atopaba incurso nunha presunta situación baixa con valores anormais ou desproporcionados ao superar coa súa oferta o valor establecido de 23,59%, é coherente co orzamento detallado e presentado no sobre B, non existindo discordancia polo que enténdese xustificada a oferta económica.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO” (495-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 7 de agosto de 2020, en cumprimento do acordado na sesión do 6 de agosto de 2020, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.

Durante o prazo concedido, o licitador non presentou documentación.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos en data 18 e 19 de agosto de 2020 respectivamente no que se informa en relación a valoración para a determinación de ofertas anormais ou desproporcionadas que: *“Con data 7 de agosto de 2020 a mesa de contratación procede a notificar a citada empresa, dándolle un prazo de tres días para presentar alegacións e a documentación que considere oportuno para xustificar a valoración da oferta en presunción de oferta con valores anormais ou desproporcionados. Dito prazo finalizou o 12 de agosto de 2020, e dentro deste prazo non se presentou ningunha xustificación sobre a condición de oferta con valores anormais ou desproporcionados.”* Asemade no dito informe se realiza a valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* e se formula proposta de clasificación.

O citado informe é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa e se acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento de PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L., por entender que as súas oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255).

Entrégase o informe asinado polo xefe de servizo de Medio Ambiente de data 19 de agosto de 2020 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Museos Municipais, o xefe de servizo de Xestión e Promoción Cultural e o director de Museos de data 24 de agosto de 2020 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

Entrégase o informe asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía de data 24 de agosto de 2020 de valoración do sobre B *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO” (495-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos en data 18 e 19 de agosto de 2020 respectivamente:

1. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto, dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento das obras de “HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2001 CALVARIO LA GARRIDA, TRAMO IGREXA DE BEADE A GARRIDA (PO 330), LUGAR DE PORTO” (495-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.	65,95
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.	65,91
3	ICEACSA CONSULTORES SLU	63,50
4	GOC, S.A	63,40
5	GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U	56,10
6	GALAICONTROL S.L.	54,06
7	NOEGA INGENIEROS- SL	46,63

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

*“Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de agosto de 2020, do licitador **PÍNTEGA XARDÍNES, S.L** por non acadar o umbral mínimo de puntuación previsto no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de limpeza, acondicionamento, conservación e mantemento integral dos cemiterios municipais (11.979-255) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS-NATURGALIA	80,70
2	SOGESSEL DESARROLLO Y GESTION, S.L	59,07

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, **UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS-NATURGALIA**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

c) Procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 21 de agosto de 2020, de SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido nas regras de puntuación do apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto dos servizos de vixilancia de seguridade e mantementos de instalacións de seguridade en centros da área de cultura (2644-341) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación total
1	PROSEGUR SOLUCIONESINTEGRALES DE SEGURIDADESPAÑA SL	85,25
2	SECURITAS SEGURIDADESPAÑA SL	69,74

*Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, **PROSEGUR SOLUCIONES INTEGRALES DE SEGURIDADESPAÑA SL**, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- (“deberá ter autorización administrativa outorgada polo Ministerio do Interior de Inscripción no Rexistro Nacional de Empresas de Seguridade, en relación coas seguintes actividades de seguridade privada (Lei 5/2014, do 4 de abril, de seguridade privada e Real decreto 2364/1994, do 9 de decembro polo que se aproba o regulamento de seguridade privada):*
 - *Vixilancia e protección de bens, establecementos, lugares e eventos, tanto públicos como privados, así como das persoas que puideran atoparse neles.*
 - *Instalación e mantemento de aparellos, equipos, dispositivos e sistemas de seguridade conectados a centrais receptoras de alarmas ou a centros de control o de videovixilancia.*
 - *A explotación de centrais para a conexión, recepción, verificación e, no seu caso, resposta e transmisión dos sinais de alarma, así como a*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

monitorización de calquera sinais de dispositivos auxiliares para a seguridade de persoas, de bens mobles ou inmobles ou de cumprimento de medidas impostas, e a comunicación á Forzas e Corpos de Seguridade competentes nestes casos.”)

E autorizacións administrativas específicas como empresas instaladoras e mantedoras de instalacións de protección contra incendios que as habiliten para realizar os servizos previstos no contrato (Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de instalacións de protección contra incendios e Decreto 51/2011, do 17 de marzo, polo que se actualiza a normativa en materia de seguridade industrial na Comunidade Autónoma de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior)

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares. “

d) Procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposición presentada, a Mesa acorda, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación de servizos de organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo (18.030-101) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SACAFERRO, S.L	96
2	DAEGA	85,47
3	ERP, PUBLICIDAD, S.L	81,69
4	TROSMA PRODUCCIONES, S.L	62,15
5	ADECCO OUTSOURCING, S.L	34,94

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, **SACAFERRO, S.L** (CIF B27704980), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:*



- *Acreditación da constitución garantía definitiva.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego e acordo de confidencialidade, conforme ao modelo incluído no Anexo VI.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC (esto me genera dúbidas porque en le DEUC dijo que a clasificación non abarca todos os criterios de selección)*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:08 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 01/05/2024 07:50	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB41-C9B831-592E32-T8SUXT-DZQYK1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		